

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN, FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA DOS CAMIÑOS OLIVEIRA-REDONDA E CORCUBIÓN-QUENXE, DENTRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

EXPEDIENTE: 2018/G003/000326

ANTECEDENTES:

Vista a Resolución do 6/04/18 da Axencia Galega de Desenvolvemento rural pola que se concede a este concello unha axuda por importe de 33.452,77 €, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, para levar a cabo a obra de Mellora dos camiños Oliveira-Redonda e Corcubión-Quenxe; así como unha axuda de 561,54€ destinados ao financiamento do control de calidade das ditas obras.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, no que se sinala que a necesidade da realización das ditas obras obedece aos seguintes motivos:

(...) As obras que se pretenden realizar consisten en dúas actuacións sobre camiños municipais; a primeira sobre o camiño que atravesando o lugar de Oliveira continúa cara o lugar de Redonda; mentres que a segunda se realiza sobre o camiño que partindo do límite sur do solo urbano de Corcubión atravesa o monte para conectalo co lugar de Quenxe ou co acceso cara o lugar de Oliveira.

A necesidade das citadas actuacións se debe a que, o pavimento do primeiro camiño conta cun gran número de fochancas debido ás raíces das árbores próximas ás marxes do mesmo, o que supón un grave perigo para o tráfico rodado que soporta. Ademais, na comunicación deste camiño co lugar de Oliveira (e que continúa cara Corcubión unha vez atravesado o lugar) temos un tramo cun pavimento de formigón e outro cun tratamento superficial de rega asfáltica e gravilla que están moi deteriorados.

En canto á necesidade da segunda actuación, esta se basea no estado do firme, que aínda conserva o orixinal de terra, o que contribúe á dificultade de uso polo viandantes, e ao nacemento de especies vexetais sobre o mesmo.

Actuación en Oliveira:

Como se ten comentado, a actuación a realizar consiste na execución de obras de mantemento no firme para eliminar as fochancas producidas polas raíces das árbores próximas ás marxes do camiño; así como substituír o tramo de firme de formigón e asfáltico que se encontra moi deteriorado.

Actuación en Quenxe:

O camiño que une o solo urbano de Corcubión con Quenxe e/ou Oliveira contaba hai moitos anos cunha gran importancia para os veciños, posto que era unha das principais vías de comunicación

destes núcleos. A ampliación e mellora de outras vías próximas durante os últimos anos fixo que os camiños sobre os que se pretende actuar reduciran a súa importancia. Ademais, a continua redución da actividade agraria en todo o Concello motivou o pouco uso que na actualidade se lle da a estes camiños, que contan aínda cun firme de terra.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto (cun único criterio de adjudicación, factor prezo) das obras de mellora dos camiños Oliveira-Redonda e Corcubión-Quenxe, dentro do plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 da Axencia galega de desenvolvemento rural, tramitación urxente, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2018	153.619.01	33.452,77

TERCEIRO. Aprobar o Proxecto e os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e a documentación relativa ao proxecto.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Manuel Insua Insua, que actuará como Presidente da Mesa.
- Jose Antonio Louro Pais, Vocal (concelleiro)
- Irene Suárez López, Vocal (Secretaria Interventora da Corporación).
- Antonio Martínez Domínguez, vocal (Arquitecto da Oficina de Rehabilitación)
- María del Carmen Trillo Mouzo (Auxiliar Administrativo), que actuará como Secretaria da Mesa.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.